

Expediente IET: P-22-010
Proxecto: Parque eólico dos Cotos
Concello: Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)
Promotor: Tiraventos, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 02/06/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto do parque eólico dos Cotos.

1. Antecedentes:

Con data do 10/02/2022 o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística, de acordo co previsto no artigo 11.3 da Lei 7/2008. Nese informe indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) elaborado non se axustaba completamente ao disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e ao Regulamento da Lei 7/2008. Así mesmo facíanse unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística.

Con data do 28/03/2022, o IET emite un segundo informe sobre o EIIP modificado, EIIP no que se atendía a algunhas das observacións indicadas no anterior informe, se ben vólvese a indicar a necesidade de estudar o desprazamento das posicións 3 e 5 para evitar a afección a afloramentos rochosos, así como outras medidas mitigadoras do impacto.

Posteriormente, con data do 05/05/2022, o IET emite un terceiro informe no que se indicaba que respecto á incidencia visual sobre o miradoiro de Monte Sistalto, e de conformidade co disposto nas directrices de paisaxe DX.20.u e DX.26.a, debía adoptarse como medida compensatoria un proxecto de acondicionamento do miradoiro, o cal tiña que someterse a informe do IET.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.



3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación achegada polo Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra é un proxecto de acondicionamento do miradoiro de Monte Sistolto (documento con data de maio 2022).

O proxecto prevé a habilitación dun acceso ao miradoiro, partindo desde a plataforma do aeroxerador nº 3 e aproveitando o trazado dunha senda existente. Realizarase unha broza manual tanto no acondicionamento do miradoiro como do camiño e se instalará no último tramo deste, debido á elevada pendente, unha corda amarrada a postes de aceiro inoxidable de altura variable segundo a pendente do terreo. No miradoiro instalarase unha varanda de madeira de piñeiro cunha lonxitude total de 10 metros, formada por postes dun metro de altura e dúas filas de traveseiros de dous metros de lonxitude. Neste lugar colocarase unha mesa temática ou panel informativo onde se plasmarán as vistas e se identificarán os elementos de interese. O proxecto contempla ademais a colocación dunha sinal direccional co nome do miradoiro no inicio da senda e unha sinal indicadora de perigo ou advertencia no inicio do tramo de pendente elevada.

As actuacións previstas no miradoiro de Monte Sistolto non provocarán afeccións significativas na paisaxe dada a mínima intervención das obras sobre o terreo, e que os materiais empregados nos elementos de sinalización e defensa son coherentes entre si e ofrecen unha boa integración na contorna.

En relación ao deseño das infraestruturas do parque, non se produce ningún cambio polo que os seus efectos sobre a paisaxe serán os que xa se valoraron en anteriores informes.

4. Conclusión:

Como xa se tiña indicado nos anteriores informes, o principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar, ademais dos núcleos de poboación, miradoiros e AEIP máis próximas, o miradoiro Monte Sistolto, fortemente afectado pola posición 3 na súa orientación leste-nordés. Este impacto visual non se considera crítico no seu conxunto.

En referencia ao proxecto de acondicionamento do miradoiro de Monte Sistolto, como medida compensatoria, pode considerarse correcto e adecuado aos criterios de deseño e integración paisaxística destes lugares sinalados na *Guía de boas prácticas para a identificación e acondicionamento de miradoiros*, editada pola Xunta de Galicia.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística, neste caso as actuacións previstas sobre o miradoiro mencionado, deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto, sen que sexa necesario someter de novo a informe do IET esta documentación.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

